Venres 24

15:30 ➤ Entrega de documentación e benvida
16:00 ➤ Inauguración presentación e organización das actividades
16:30 ➤ Presentación de experiencias (1ª rolda)
17:15 ➤ Presentación de experiencias (2ª rolda)
18:00 ➤ Descanso
18:30 ➤ Presentación de experiencias (3ª rolda)
19:15 ➤ Presentación de experiencias (4ª rolda)
20:00 ➤ Contacontos (con debate-fórum ao final)
Lois Pérez "O inmaterial como material e outros contos"

EXPERIENCIAS

Vicente Feijoo	Aprendendo toponimia na escola
Esperanza Gesteira	Apps en galego, ti tamén podes crear
Paz Fdez. Pereiro e Anxos Rial	enREDando versos. IES de Poio, IES Ribeira do Louro, IES San Paio (Tui) e IES Sanxenxo
Xurxo Boubeta e Antonio Ferrer	Música para nenos e nenas
Pilar Ponte	Experiencias no IES A Pobra
Fátima R. Ruibal, María Souto e Paula E. Giráldez	Do MOITOEU á piruleta: dinamizacións no CPI de Mondariz

Sábado 25

9:00 ➤ Obradoiros (3 simultáneos)
12:00 ➤ Descanso
12:30 ➤ Obradoiros (3 simultáneos)
14:00-15:00 ➤ Avaliación e clausura

OBRADOIROS

Obradoiro de iniciación ao audiovisual	Xosé M. Durán
A elaboración de xoguetes tradicionais como recurso didáctico	Xosé López e Xosé Manuel García
Versos de boca a orella cruzando polo corazón	Carlos Negro
Obradoiro das palabras	Pilar Ponte e Patricia Galán
Música actual: uso didáctico na educación secundaria	Noemí Álvarez e María Rey
En galego canto, en galego sinto	Paco Nogueiras

Experiencias e recursos para a normalización lingüística

VII Xornadas de materiais e recursos educativos

Facultade de Ciencias da Educación (Pedagoxía)
Santiago de Compostela

24 e 25 de outubro de 2014

Inscrición:
http://www.nova-escola-galega.org
http://www.coordinadoraendl.org

Organizan:

coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística

NOVA ESCOLA GALEGA

Colaboran:

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN · CAVILA · USC Departamento de Didáctica e Organización Escolar · Ceesg

Obxectivos

- Difundir materiais e recursos educativos concibidos e promovidos polo profesorado dos diferentes niveis do ensino coa finalidade de contribuír á normalización lingüística.
- Compartir experiencias normalizadoras.
- Formarnos en obradoiros que nos axuden a crear materiais didácticos e a contribuír á súa distribución.
- Crear un espazo aberto, práctico e de convivio para encontrármonos todas as persoas que, ben producimos ou estamos interesadas en empregar recursos educativos en lingua galega, ou ben temos interese en experiencias normalizadoras.

Contidos

Van estar organizadas en dous grandes bloques: un de obradoiros e outro de experiencias.

As sesións de obradoiros irían destinadas a formármonos en aspectos nos que teñamos interese. Son variados e vanse realizar en dúas quendas e de xeito simultáneo.

As experiencias tamén son simultáneas e vanse desenvolver en dúas quendas. Ademais das que xa están previstas queda aberto o prazo para que calquera poida presentar unha experiencia e/ou material didáctico ou recurso educativo que elaborase para o ámbito educativo e que dalgún xeito estean contribuíndo á normalización da lingua galega.

As persoas interesadas en dar a coñecer a súa experiencia ou material, deben facelo a través dos formularios indicados nas páxinas web de NEG ou da CGENDL antes do 1 de outubro. Para poder presentar o material é necesario estar inscrito nos Encontros.

A idea

No momento que estamos vivindo consideramos fundamental unirnos para partillar ideas, recursos e ánimos. A dificultade que supón encontrar materiais en galego para determinadas áreas e proxectos pide a difusión dos existentes e achegar ferramentas que poidan resultar de axuda para construír outros.

Para dar pasos adiante é preciso coñecernos, encontrarnos e recoñecer o labor que hai detrás da construción dos recursos e de experiencias innovadoras desenvolvidas no ámbito educativo.

Orientado a

- Profesorado dos diferentes niveis do ensino (infantil, primaria, secundaria)
- Persoas interesadas nos recursos educativos

Participantes

- **100** (Número máximo, dos cales 30 poderán estar en situación de desemprego)

Asistencia

Inscrición:
- 15€ **Socias/os** NEG, CGENDL e **paradas/os**
- 25€ Calquera outra persoa